

Resumo programación didáctica

Proxecto Competencial 1º ESO

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. O grupo de 1º ESO, está composto por 4 alumnos e 1 alumna.

2. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Estudo	Nesta unidade estúdase as recomendacións para un estilo de vida saudable.	33	10	X		
2	Analizo	Nesta unidade o alumnado pescuda información sobre os hábitos de vida no concello.	33	10		X	
3	.Propoño	Unidade na que se elabora, expón e presenta a campaña para mellorar os hábitos de vida na comunidade.	34	15			X

3. Criterios de cualificación

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD). Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaranse as medidas de reforzo educativo necesarias. A cualificación de cada trimestre será a nota da UD que o conforma. A cualificación da avaliación final da materia, obterase calculando a media das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral. O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior. Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas (por enriba de todo traballos), como observación directa por parte da persoa docente.

4. Criterios de recuperación

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto e por conseguinte non acade un 5 na valoración dunha avaliación, terá que realizar unha proba escrita. O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación